



Como facerse ABONADO/A DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Os/as abonados/as son aqueles/as usuarios/as que poden acceder á piscina climatizada, á sala fitness (con apoio do monitor de sala e a realización de táboas personalizadas de exercicio), á zona SPA e a todos os espazos de uso libre, sen ningunha restricción de tempo nin espazo.

Entendemos o/a abonado/a como parte integrante e activa dos complexos deportivos e das actividades que se realicen pedíndolles sempre a súa opinión para tentar mellorar o servizo e aceptando o seu consello así como a súa axuda nas actividades que o precisen.

VANTAGES:

Ser abonado/a permite gozar de vantaxes como:

- Usos sen limitación das piscinas municipais, coa excepción única do abono de mañá (ata as 14 horas).
- Desconto dun 60% nas tarifas fixadas para as diferentes actividades acuáticas organizadas mentres se manteña a condición de abonado/a.
- Desconto dun 50% na ximnasia de mantemento.
- Uso de balde dos servizos da zona SPA (sauna, baño de vapor, jacuzzi, etc.)

REQUISITOS:

Os requisitos para facerse abonados/as son:

- Cubrir a folia de inscrición.
- Realizar o pagamento dunha cota inicial de matrícula de 20 €.
- Efectuar os pagamentos mensuais a través de domiciliación bancaria.
- Fotocopia do Libro de Familia ou certificado de convivencia (parella de feito), exclusivamente no caso de Abono Familiar.